San Martiño de Tabeaio

X. Lois Vilar Hermidas

Concellalía de Cultura
Concello de Carral

San Martiño de Tabeaio

X. Lois Vilar Hermidas

Concellalía de Cultura
Concello de Carral

Concellalía de Cultura do Concello de Carral
Depósito legal: VG-313-2000
Impresión: Obradoiro Gráfico A Nosa Terra

Indice

Limiar 5
Megalitismo 7
A cultura castrexa 11
Época romana 13
Ritos e lendas 14
Idade Media e Moderna 20
Idade Contemporánea 28
Camiños antigos 49
Bibliografía 53

Límites
Estradas
Ríos
Camiños antigos
Estrada Tabeaio-Mercurín
ANCEIS
Estrada Tabeaio-Andeiro
Estrada A Coruña-Santiago
Gosende
SUEIRO
ANDEIRO
Lameira
Rego de Tabeaio
Esperón
Corpo Santo
Belvís
Tarroeira
CASTELO
Estrada Corpo Santo-Sergude
Piñeiro
Airexe
Cambela
Lodeiro
SERGUDE
Rego da Cambela
Vilamouro
Azureira
Estrada Castelo-Tabeaio
Brexa
Río Brexa
PALEO
1
2
3
4
5
6
7
8
9
10
11
12
13
14
15
16
17

Liminar

Está vostede diante dunha nova publicación da colección que percorre a historia de Carral parroquia a parroquia, e que se iniciou aló polo ano mil novecentos noventa e cinco relatando as andainas de San Estebo de Paleo, San Pedro de Quembre, Santiago de Sumio e Santa Mariña de Veira. Agora ten nas maus os relatos históricos de San Martiño de Tabeaio, dende o megalitismo ata a idade contemporánea, co claro obxectivo de facelo partícipe dos acontecementos pasados desta parroquia, para que vostede sexa un máis dos que tentamos de conservar as poucas mostras que quedan en bo estado, e facer nelas unha posta en valor, xa que se as destruímos estamos a borrar a nosa historia.

O presente libriño debe ser unha pequena xoia para calquera de nós, posto que dende este intre a historia desta parroquia non se esquecerá namentres un tan só deles perviva nalgunha biblioteca ben sexa particular, pública ou privada. Esta é a grande calidade da literatura, pode ser mala ou boa, pero perdura. Con esta publicación nós tamén estamos sendo parte da historia, nunca debemos perder de vista o pasado para construír un mellor futuro.

Agardo que estas follas cheas de tinta sirvan para refrescarlle a memoria ós maiores do lugar, e achegarlle ós máis novos os datos de cómo vivían os seus antergos, posto que a estes nas escolas tan só lles falan da historia doutros lugares, que está ben, pero eu coido que fica incompleta sen coñecer a da terra que pisan a cotío. É tan importante coñecer a vida de Francisco Javier Alvajar, a medoña de Arteaga (enterramento de hai máis de 4.000 anos, no límite de Folgueira e Tabeaio), o castro de Gosende, o das Salgueiras, que no ano 1931 se funda en Tabeaio a Sociedad de Seguros Mutuos sobre Ganado (chamada Cooperativa Agrícola), os tres camiños de Santiago que pasan por estas terras, ou a desaparecida Ermida de Corpo Santo e o hospital de peregrinos na Lameira, como coñecer quen foron os reis visigodos ou a monarquía española que os cativos si teñen que estudar no colexio.

Non me resta máis que convidalo a disfrutar desta lembranza do pasado, e a que espalle a súa publicación para que chegue a todos os fogares, xa que a cultura non é patrimonio de ninguén, é de todos e para todos.

Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro
Concelleiro de Cultura, Deportes, Formación e Emprego
do Concello de Carral

Megalitismo

Alá pola época neolítica (3500-1800 a.C.), é dicir, hai máis de 4000 anos, andaban os primeiros habitantes de Tabeaio adicándose ás labores agrícolas e pastorís. O cultivo de cereais, a trashumancia do gando, a caza, pesca e recolleita de froitos eran os traballos máis frecuentes para procurarse o sustento. Nestes tempos empezaron a deixar a súa vida nómada para facerse sedentarios. Ningún resto aparece das súas vivendas por estar feitas de madeira e outros materiais perecedeiros, pero aínda hoxe podemos atopar aquí mesmo, en Tabeaio, restos dos seus monumentos funerarios. Coñécense estes monumentos co nome de medoñas ou medorras, aínda que no resto de Galicia reciben outros nomes como mámoas, antas, arcas, dólmens, etc.

A medoña estaría formada por un círculo ou polígono case pechado de pedras de bo tamaño cravadas na terra que deixan unha pequena abertura de entrada —a porta— e cuberto todo por unha gran lousa, formando así unha cámara mortuoria onde os habitantes do neolítico enterraban os seus cadáveres acompañados dun enxoval funerario composto por armas, trebellos domésticos, idoliños (representacións escultóricas dos seus deuses), adornos,.... Ás veces, á porta chegaba un corredor formado por pedras cravadas a ambos lados dun pasillo de terra. Toda esta cámara mortuoria estaría tapada con terra e pedriñas para ocultalo da visión humana.

Nos límites de Tabeaio con Folgueira (Castelo-Culleredo) aínda vemos hoxe restos de tres medoñas. Temos que dicir que estas tres medoñas aparecen profanadas; as pedras que formaban a cámara mortuoria foron rotas e usadas por algún veciño para facer lareiras, soleiras de hórreo ou simplemen-

te para a construcción das súas casas. Ó mesmo tempo, os buscadores de tesouros cachaban dentro da cámara mortuoria en busca de ouro e alfaias, causando a destrucción da mámoa e o enxoval funerario. Aínda lembran os veciños de Tabeaio a existencia hai uns cincuenta anos de xente dos arredores que se acercaba pola noite, para non chamar a atención, á medoña e cavaba con picos e palas nela para buscar sen conseguilo quiméricas riquezas. Así aparecen hoxe estas medoñas como un amontoamento circular de terra e un oco grande no seu interior que o tempo, mediante o transporte de terra polo vento e a colonización de especies vexetais, vai facendo desaparecer.

A medoña máis importante que coñecemos é a sita no lugar de Arteaga (1), en pleno límite de Folgueira e Tabeaio, moi preto do núcleo rural de Folgueira e a uns 20 m. do Camiño Francés (a), importante e antigo camiño do que falaremos no último apartado deste libro, que hoxe aparece xa asfaltado e que vai dende este núcleo rural de Folgueira até as curvas do Peruchiño en Altamira (Anceis-Cambre). Nun monte poboado de eucaliptos observamos a típica elevación circular con un oco xa case cuberto e, limitando o oco que marcaba o lugar en que se enterraban os cadáveres aparecen tres rachóns de pedra que son os restos do esqueleto pétreo da medoña. Unha das pedras, a máis visible, ten unha altura de dous metros sobre o nivel da mámoa con un espesor de un metro e outro metro de anchura, sería só un resto doutra pedra máis grande que formaba un lateral da cámara mortuoria; según os vellos do lugar tería algunhas inscripcións que hoxe non se aprecian, cousa que nos parece pouco creible. Hai tamén dous restos de pedras mesmo arrentes do chan da mámoa, unha dun metro de longo e uns 40 cm. de espesor, e outra de menores dimensións.

Seguindo polos límites Tabeaio-Folgueira, á esquerda do mencionado Camiño Francés, no lugar de Salgueiros, ó lado

do oleoducto que aínda hai poucos anos cruza estes términos, aparece nunha leira adicada ó cultivo de cereais outra elevación de terreo que marca a existencia dunha nova mámoa (2), aínda que menos perceptible que a anterior. E se avanzamos hacia o NO, é dicir, seguindo de novo os lindes Tabeaio-Folgueira, aparece outra pequena medoña (3), sita tamén no lugar de Salgueiros. Estas dúas últimas mámoas están moi cerca unha da outra, e tamén está preto o marco chamado de Fonte Salgueiros que separa Tabeaio, Anceis, Sueiro e Castelo, e do que falaremos no apartado de *Ritos e Lendas*.

Estos monumentos antigos, xunto con castros, pazos, igrexas, fontes, pedras, etc. están cheos de lendas, que son brillantes invencións rebosantes de misterio e de máxia con que os labregos intentaban explicar a historia descoñecida. Así, nestas tres medoñas pensábase que vivían os mouros —seres imaxinarios que vivían debaixo da terra, gardaban grandes tesouros e tiñan poderes para encantar persoas, animais e cousas—. Debaixo da medoña de Arteaga (1)

Medoña de Arteaga.

vivían estes extraños seres nunha cova que, partindo da medoña, chegaría á Torre de Celas. Tamén se creía que estas mámoas eran simples trincheiras onde se escondían os mouros, ou ben os franceses, ou os participantes nas guerras mundiais para atacar dende alí con pedras tiradas con catapultas ou con balas as posicións enemigas.

Xa fora de Tabeaio atopamos moitos restos de mámoas, sobre todo no mítico Monte Xalo. Estes monumentos funerarios, igual que os castros, igrexas, pazos, pedras con lendas ou ritos diversos, fontes máxicas,.... son parte importantísima do noso patrimonio cultural e por eso é totalmente necesaria a súa conservación. Mámoas e outros restos antigos están totalmente protexidos pola lei e, polo tanto, non podemos deterioralos o máis mínimo. Os nosos descendentes, como nós mesmos, temos que desfrutar do inmenso valor arqueolóxico, histórico e etnográfico que nos deparan.

Medoña de Arteaga. Resto de unha das pedras que formaban parte da parede lateral da cámara mortuoria.

A cultura castrexa

Entre os séculos VII a.C. e II d.C., é dicir, hai uns 3.000 anos, os habitantes de Tabeaio xa se fixeron sedentarios, adicándose a unha agricultura primaria, caza, pesca e gandeiría de porcos, vacas, cabras, cabalos, ovellas, etc... Viven xa en casas de pedra circulares que se agrupan con outras construccións adxectivas como alprendes, fornos e incluso templos primitivos, formando unha especie de pequena aldea rodeada de murallas, foxos e terrapléns que por unha banda a delimitan, por outra impiden que o gando supere os límites da aldea e, o máis importante, a protexen dos ataques inimigos. Estes conxuntos de casas e construccións diversas rodeadas polas murallas e outros elementos defensivos coñécense co nome de castros. Arredor do século II d.C., en plena dominación romana, os castros son abandonados por diversos motivos. As casas van caendo e a vexetación e a terra arrastrada polo vento enterra os poboados, quedando baixo a terra as construccións e os obxectos de uso diario (armas, trebellos de labranza, ferramentas de pedra, ferro e bronce, adornos e tódolos utensilios de uso cotiá). Así é como aparecen hoxe en Tabeaio grandes elevacións de terra circulares ou ovaladas nas que podemos apreciar aínda os sistemas defensivos e o lugar onde vivían os castrexos.

Existen nesta parroquia dous castros importantes. Un deles preséntasenos moi indefinido e nel apenas se distingue a croa (lugar onde se situaban as vivendas primitivas), as murallas e un pequeno antecastro (especie de terraza tamén protexida con muralla onde se fixeron novas vivendas), é o chamado castro das Salgueiras ou castro de Gosende (4), por estar situado no lugar de As Salgueiras, pertencente á aldea

de Gosende. Esta moi deteriorado, e incluso sobre el estase permitindo a construcción hoxe en día, a pesar de ser un ben cultural protexido pola lei. Ó lado deste castro pasa o río de San Bieito, que proporcionaría ós castrexos auga e pesca. Unha cova parte deste castro e, según os veciños, remata na Fonte do Bagueixo, fonte moi interesante da que falaremos no capítulo de *Ritos e Lendas*. Esta cova tamén sirve de base a certas lendas, así atopamos aquí os coñecidos mouros, gardadores dun tesouro e que mantiñan frecuentes loitas cos habitantes do castro veciño, tirándolles dende o castro predras lanzadas con catapultas. Tamén, como falaremos despois, a terra deste castro servía para curar algunha enfermidade como por exemplo a hidropesía.

Máis apreciable é o castro situado preto da estrada que dende Corpo Santo vai ó núcleo urbano de Tabeaio. Sito no lugar de O Coto recibe o nome de castro de Tabeaio (5) por estar situado moi preto do centro urbano. Diferénciase moi

Sobre a muralla do castro de Tabeaio medran os castiñeiros.

ben a muralla de 4 ou 5 m. de altura, na que se asenta un souto de castiñeiros, e a croa ovalada, na que se asentan leiras adicadas a labouras agrícolas. Tamén podemos apreciar ó menos un antecastro de mediana dimensión. Este castro, facilmente perceptible, aparece agredido na parte oeste polos peches das casas, que chegan á mesma muralla, e na parte sur por unha vivenda que increiblemente se asenta sobre a croa. Tamén neste castro recollemos a típica lenda da existencia de mouros que agachan un tesouro.

Estes dous castros xa son recoñecidos dende antigo e foron prospectados por Carreras Candí.

Época romana

No último apartado deste libro adicado ós *Camiños Antigos* percorreremos o por nós chamado "vello camiño de Santiago" (aquí coñécese tamén co nome de Camiño Francés) (a), que dende as curvas do Peruchiño, en Altamira, atravesa Tabeaio pola parte O, preto dos límites desta parroquia con Sueiro e Castelo. Este mesmo camiño que seguiría logo por terras de Paleo, Quembre e Sumio como xa vimos nos libros adicados a estas parroquias, sería, según algúns historiadores como Cardeso Liñares e Alfredo Erías, unha posible vía romana que discorrería paralela á actual estrada A Coruña-Santiago.

O achádego de varios restos romanos nos arredores da igrexa de Paleo, entre eles un sepulcro que hoxe se conserva no Museu das Mariñas en Betanzos, e algún topónimo como por exemplo o de Paradela en Quembre que parece remitirnos a un lugar no que se cobraba un imposto chamado *parata* en tempos dos romanos, apuntalan a hipótese de que este camiño sexa posiblemente unha vía romana.

Sen dúbida un dos elementos naturais que máis interveñen na curación de enfermidades é a auga, sobre todo aquela procedente de fontes que nunca secan. Con ela curábase a tiriza, a sombra, anemias, males de estómago, etc... A auga tiña que ser recollida despois de poñerse o sol e antes de que raiara, e a persoa encargada de facelo tiña que ir por un camiño e volver por outro sen falar con ninguén. En Tabeaio existen varias destas fontes máxicas, destacando as de:

- Belvís (6), unha das máis famosas, de moi boa auga, situada no lugar así chamado, nun souto á beira esquerda da estrada Corpo Santo-Sergude. Ten ademáis unha pía para beber o gando.
- A fonte de Nilles (7), preto do límite de Tabeaio con Castelo, á esquerda da estrada que une estas dúas aldeas. Aquí bendecíase tamén un ramo de oliveira, meténdoo na auga e rezando un Pai Noso, que logo se utilizaba para cura-la sombra.
- A fonte da Peneda (8), no lugar de Vilamouro, no camiño do Coto.
- A fonte da Melra (9), nunha zoa agrícola entre o lugar de A Cambela e o río Brexa, na que ademáis se curaban as febres tifoideas, enfermidade moi abundante e perigosa até hai uns cincoenta anos. Tiña sona de ser moi boa para curar catarros e, según os veciños, gozaba de moi boa auga por estar orientada ó Sur.
- A fonte de A Lameira (10), situada detrás do lavadoiro próximo ó Pazo de A Lameira.
- A fonte do Bagueixo (11), en Gosende, hoxe pechada e con lavadoiro. Dise que a ela chega unha cova procedente do castro de Gosende. Ademáis das doenzas antes mencionadas curábase nela a rosa e o lixo (enfermidade da língua que se cura empapando un pano vermello na auga desta fonte e pasándoo tres días pola língua). Sen dúbida a lenda máis interesante desta fon-

Asimesmo, ademáis da aparición dos romanos nas lendas dos castros, existe en Tabeaio unha fonte de riqueza moi apreciada por estes antigos invasores, o ouro.

Os romanos buscaron en Galicia este preciado metal para enriquecerse e para soportar os enormes gastos que requería a colonización de Galicia e outras terras europeas. Se en Veira describimo-las abundantes covas de tipo galería que alí existen, moi probablemente feitas polos romanos para horada-la terra en busca de ouro, temos que dicir que aquí, en Tabeaio, aínda hoxe existe este metal nun lugar situado entre as aldeas de Brexa e Vilamouro. Trátase dunha mena de ouro nativo (é dicir, en estado libre, non combinado) de proceso xenético aluvionar (formado polo arrastre das correntes de auga). Aparece esta mina no mapa metaloxenético de Galicia (escala 1: 200.000, Lugo) nas coordenadas Lambert x=219'9 e y=969'6.

Este ouro xeneralmente aparecía depositado nos ríos, sobre todo naquelas curvas onde a auga remansaba. A area era cribada nunhas vasillas especiais ou bateas para separa-las láminas de ouro. Antigos historiadores fálannos da riqueza aurífera do Barcés e dos seus afluentes.

Ritos e lendas

Destas épocas antergas que estamos estudiando sobreviven numerosos ritos e lendas. A curación de enfermidades mediante elementos da natureza era moi abondosa naquelas épocas. Pouco a pouco a implantación do cristianismo e a persecución que levou a cabo contra estas prácticas fixo que fosen caendo en desuso, pero aínda hoxe perviven na nosa sociedade. Darémoslle a este capítulo un tratamento escueto xa que este tema foi amplamente recollido nos libros que adicamos a outras parroquias de Carral.

Sen dúbida un dos elementos naturais que máis interveñen na curación de enfermidades é a auga, sobre todo aquela procedente de fontes que nunca secan. Con ela curábase a tiriza, a sombra, anemias, males de estómago, etc... A auga tiña que ser recollida despois de poñerse o sol e antes de que raiara, e a persoa encargada de facelo tiña que ir por un camiño e volver por outro sen falar con ninguén. En Tabeaio existen varias destas fontes máxicas, destacando as de:

- Belvís (6), unha das máis famosas, de moi boa auga, situada no lugar así chamado, nun souto á beira esquerda da estrada Corpo Santo-Sergude. Ten ademáis unha pía para beber o gando.
- A fonte de Nilles (7), preto do límite de Tabeaio con Castelo, á esquerda da estrada que une estas dúas aldeas. Aquí bendecíase tamén un ramo de oliveira, meténdoo na auga e rezando un Pai Noso, que logo se utilizaba para cura-la sombra.
- A fonte da Peneda (8), no lugar de Vilamouro, no camiño do Coto.
- A fonte da Melra (9), nunha zoa agrícola entre o lugar de A Cambela e o río Brexa, na que ademáis se curaban as febres tifoideas, enfermidade moi abundante e perigosa até hai uns cincoenta anos. Tiña sona de ser moi boa para curar catarros e, según os veciños, gozaba de moi boa auga por estar orientada ó Sur.
- A fonte de A Lameira (10), situada detrás do lavadoiro próximo ó Pazo de A Lameira.
- A fonte do Bagueixo (11), en Gosende, hoxe pechada e con lavadoiro. Dise que a ela chega unha cova procedente do castro de Gosende. Ademáis das doenzas antes mencionadas curábase nela a rosa e o lixo (enfermidade da língua que se cura empapando un pano vermello na auga desta fonte e pasándoo tres días pola língua). Sen dúbida a lenda máis interesante desta fon-

te é a que nos relata o nacemento nela de San Bieito, santo que precisamente ten unha capela preto desta parroquia, en Andeiro (Cambre) onde peregrinan os días 25 de xullo (Bieito Grande) e o 11 de xullo (Bieito Pequeno) xentes de Tabeaio e parroquias moito máis lonxanas en busca de curación de determinadas doenzas como verrugas, bultos (os "lobiños"), bocio, hernias, tumores,... Entre os ex votos que aparecen na igrexa en agradecemento pola curación destas doenzas encontráse o de algún veciño de Tabeaio.

Outros elementos da natureza moi importantes na curación de diversas enfermidades eran as pedras, sobre todo aquelas que delimitaban determinados espacios, é dicir, os marcos que dividían leiras, montes, aldeas, parroquias e concellos.

Na parte SO de Tabeaio atopamos unha serie de marcos máxicos que ademais delimitaban esta parroquia. No lugar

Fonte de Belvís.

de Salgueiras, en pleno monte, atopamos o marco de Fonte Salgueiras (12) (aínda que en Culleredo coñécese co nome de marco de Fonte das Meigas, xa que está situado preto desta fonte máxica pertencente á parroquia de Sueiro), encóntrase detrás do almacén de *El Corte Inglés* e é unha pedra de natureza pizarrosa de máis de un metro de altura que divide Tabeaio, Sueiro (Culleredo), Castelo (Culleredo) e Anceis (Cambre).

Os lindes hacia o Sur veñen marcados por unha línea recta imaxinaria que atravesa as tres medoñas descritas no apartado de *Megalitismo* e, dende a última destas mámoas, a de Arteaga, diríxense hacia un novo marco, o da fonte Nilles. Este marco, moi preto da fonte máxica de Nilles e da estrada Filgueira-Tabeaio é unha pedra, tamén pizarrosa, de gran volumen, con dimensións de 85 cm. de largo, 55 cm. de ancho e 30 cm. de espesor e que está marcada na cara NO coa letra C que indica o término de Castelo, e polo SO coa letra T que indica o término de Tabeaio. O seguinte marco está situado na fonte de Barreiros, á beira do camiño que vai de Barreiros a Folgueira, é unha pedra de seixo de 55 cm. de largo, 25 cm. de ancho e 20 cm. de espesor que foi fincada na terra acompañada de dúas pedras testigos, unha delas de 18 x 5 cm. e outra de 10 x 5 cm. O seguinte marco é outra pedra de seixo sita no lugar de Vilamouro. E finalmente atopamos outro no lugar de Brexa, separando Tabeaio, Paleo e Castelo, é unha pedra pizarrosa cuias dimensións visibeis son de 10 cm. de profundidade, 20 cm. de lonxitude e 20 cm. de ancho situado na beira esquerda do río da Brexa, ó lado do muiño de Vilaverde.

Todos estes marcos situados na zoa SO de Tabeaio foron utilizados como pedras curativas polos veciños do lugar. Neles curábanse por exemplo as almorranas, poñendo o cu nu sobre a pedra; os sabañóns, refregando no marco a parte dorida; o "curso fóra" dos nenos curábase pasando nove

veces ó neno sobre o marco. Diversas enfermidades dos animais como malos partos, anemias, non baixada de leite, etc. curábanse collendo uns grans destas pedras, envolvéndoos nun trapo e colocándoos entre os cornos do animal. Naturalmente estes ritos practicábanse pola noite, indo ó lugar por un camiño e volvendo por outro sen falar con ninguén e recitando diversos ensalmos. En pago destas curacións a xente deixaba ó lado do marco, moedas, ferraduras de animais e incluso garfos e culleres.

Nun manuscrito proporcionado por Pepe Insua, veciño de Gosende, e pertencente ó seu avó, Santiago Insua, albeite de Tabeaio, atopamos unha serie de prácticas curativas que a finais do século XIX se aplicaban a persoas e animais desta e outras parroquias.

Os albeites, que poden considerarse os precursores dos veterinarios, adicábanse a cura-los animais domésticos, pero ás veces a súa ciencia exténdese tamén á xente. Este manuscrito, verdadeiro tesouro, consta de dúas partes: unha científica, que trata da curación dos animais con productos farmacéuticos e que veremos na *Época contemporánea;* e outra basada na tradición e cultura popular, máis propia deste apartado.

Proporciónanos este libriño remedios como os que citamos a continuación:

- Para cura-la tiriza cóllese ó enfermo e ponse a carranchapernas do río ou da fonte que non seca mirando a oriente, póñenselle as mans na espalda, cruzadas unha coa outra. O sanador botaralle auga sobre as mans mentres repite un ensalmo acompañado de un Pai Noso e un Ave María.
- Para cura-las lombrices dos nenos faiselles unha cruz no embigo e outra na espalda.
- A belida, botando nove grans de trigo e un polo demo nunha palangana cruzándoos un por un.

- O aire cobre cúrase con dez grans de bieiteiro e dez areas de sal (un gran de cada cousa é para o demo).
- As feridas cúranse facendo sobre elas unha cruz con unha boina vella, póñense nela pelos do ferido e queimase boina e pelos.
- A hidropía ou hidropesía pode afectar ós animais ou á xente. Para curala cóllense dous terróns dunha encrucillada (utilizábase sobre todo a encrucillada sita no castro de Gosende) onde non picara galiña e, preferentemente, dos montóns de terra deixados polas topias ó facer as súas galerías. Facíase unha cruz con sal nos terróns e colocábanse estes debaixo dos pés da persoa ou animal que se ía curar. Cortábanse según a forma do pé ou da pezuña mentres se rezaba. Según se secaba o terrón ía curando o doente. No caso das persoas, había que suministrarlles tamén unha dieta de 1 l. de viño branco repartido en copas durante o día, e dábanselles de comer sopas con leite ou con manteca de vaca. Non se podía comer porco nen tocar a auga, nen traballar, nen andar ó frío durante 21 días.

Marco de Fonte Salgueiras.

Finalmente atopamos en Tabeaio outra lenda referida ás encrucilladas, e localizámola no lugar de A Cruz dos Setes (13), na aldea de Gosende. Alí

enterrábanse anteriormente os nenos sen bautizar e contan os veciños que polas noites oíanse os choros destes, tamén alí aparecía a estadea. Neste lugar houbo unha cruz hoxe xa desaparecida.

Idade Media e Moderna

Un dos primeiros documentos desta época procede do ano 1603 e refírese á visita que o cardenal Jerónimo del Hoyo fixo a esta parroquia e da que sacou as seguintes conclusións:

> *"Tiene esta feligresía treinta y nueve feligreses. Los frutos se acen quatro partes: las tres y un desmero llieva el retor y la quarta Bartolomé López regidor de La Coruña por raçón de la ermita del Cuerpo Santo, sita en esta felegresía. Vale la parte del retor treinta cargas de todo pan y quatro pipas de vino. Presentación (fol.243,v.) de legos, de la casa de Figueroa. La fábrica tiene una sola leira que no se arrenda por no ser de momento. Hay una ermita que llaman del Cuerpo Santo que en efecto según el entendimiento corresponde a San Pedro Gonzalez Telmo, avogado de los mareantes."*

Destacamos deste documento importantes datos. Tabeaio ten, neses momentos, 39 feligreses, igual que Cañás, superando a poboación de Quembre (37), Sergude (14), Sumio (38) e sendo superado por Paleo (77) e San Vicente de Vigo (70).

O dato máis importante é a existencia por aqueles tempos dunha ermida que hoxe xa non existe, a chamada ermida de Corpo Santo (14), adicada a San Pedro González Telmo, avogado dos mareantes. Esta ermida foi a que deu lugar a que o término en que estaba encravada recebise tamén este nome. A lenda da que nos falan os veciños dí que neste lugar hou-

bo un sartego, hoxe tamén desaparecido, que contiña un corpo incorrupto e que neste lugar erixiuse a capela. Nembargantes, o nome de Corpo Santo apela a que San Pedro González Telmo tardou moito en ser canonizado (aínda que a igrexa apoiaba esta santificación) e, polo tanto, non se podía utiliza-lo seu nome nas celebracións litúrxicas a el adicadas, polo que se referían a el co nome de Corpo Santo.

Este santo, que se representaba con un barquiño na súa man esquerda, naceu en Fromista sobre o 1190 e participou na Reconquista con Fernando III o Santo por terras andaluzas, onde se fixo moi famoso polos seus milagres. Cónstanos que xentes de Carral pelexaron por estes anos baixo o mando do mesmo rei, Fernando III, e por terras andaluzas. Así, é famosa a toma de Baeza (Jaén) o día de San Andrés de 1227 que fixo que este rei agradecera á xente desta vila de Carral a súa participación na batalla otorgándolle o *"dictado de lealtade"*, tamén por estes sucesos os Reis Católicos concedéronlle a Carral a *Carta de Puebla Real*.

Chegou este santo a ser Deán da Catedral de Palencia e confesor do rei e, máis tarde, predicaría por terras galegas e portuguesas. Formaba parte da Orde de San Domingos, dato importante, xa que aquí en Tabeaio, o convento de San Domingos de A Coruña tiña abundantes terras e, moi probablemente, incluso se estableceron aquí, ó lado desta capela. En varios documentos do ano 1600 aparecen labradores de Tabeaio pagando foros e rendas ó mosteiro de San Domingos, que poseía aquí varios labradíos.

Incluso había en Tabeaio unha romería antiga chamada *dos frades* que parece confirma-la existencia dos frades de San Domingos neste lugar. Os frades de San Domingos foron encargados de espalla-lo culto a este santo pola Península Ibérica e incluso Europa.

San Pedro González morreu en Tui e no lugar erixiuse unha capela coñecida tamén polo nome de Corpo Santo. Á

capela de Corpo Santo de Tabeaio ían nun principio os romeiros a curar dores de ollos, oidos, gorxa, cabeza e doenzas da pel. Máis tarde considerouse como un dos grandes santos do mar, que axudaba ós mariñeiros nas súas travesías oceánicas, librándoos de naufraxios e outros perigos. Xurdiron ó longo de toda Galicia confradías de mareantes que o tiñan como santo protector. Mareantes e tabaqueiras facían romería na citada capela de Corpo Santo.

Temos constancia de que aquí existiu tamén unha obra pía e un hospital.

De posteriores visitas das autoridades eclesiásticas de Santiago a esta capela sacamos novos datos. Nembargantes temos que dicir que os mesmos visitadores descoñecen a súa data de fundación.

No ano 1612 aparece como patrón dela Lorenzo López de Figueroa que é, ó mesmo tempo, rector da igrexa de Santa María de Oza e neto do rexidor Bartolomé López, antigo patrón da capela. A Lorenzo López correspóndelle a oitava parte do beneficio de San Xulián de Sergude e a terceira parte de beneficio de San Martín de Tabeaio. Ademáis posúe unha viña que produce cada ano sobre tres pipas de viño. Estas rendas ou beneficios que cobra son a cambio de que faga cada ano seis misas e manteña a capela en pé e decente. Lorenzo López sostén que só ten o deber de tres misas ó ano —unha cantada o día do Corpo Santo, e dúas rezadas—, pero non pode demostralo xa que o documento que recollía esta obriga ardeu. As autoridades eclesiásticas esixen as seis misas baixo pena de excomuñón.

En posteriores visitas estes problemas acentúanse xa que raramente se ofician as seis misas estipuladas e, ademáis, hai un deterioro cada vez maior da capela. No ano 1619 eisixelle que faga canales para saca-la auga da ermida, e que faga peanas para os santos. No ano 1628 eisixenlle que pinte os santos, sempre baixo pena de excomuñón.

Finalmente, no ano 1628, sendo patrón da ermida Lorenzo Bermúdez de Figueroa, tamén rector de Santa María de Oza e comisario do Santo Oficio, varias imaxes da ermida do Corpo Santo son levadas para a igrexa de Tabeaio, cousa que indigna de novo ás autoridades eclesiásticas que lle mandan devolvelas de novo ó seu lugar primitivo. Non só non se fai esto senón que temos noticia de que no ano 1669 a ermida está totalmente desfeita, e no seu lugar aparece un cruceiro. Iníciánse polo tanto as dilixencias para castigar ó actual patrón.

No ano 1742 fálase aínda de restaurar de novo a capela e tamén o hospital "situado ó lado da capela e dun río que alí había".

Aquí interrómpese os libros de visita e, polo tanto, descoñecemos se o tal Lorenzo Bermúdez foi ou non excomulgado. O que si sabemos é que aínda neste ano de 1742, a pesar de que xa non existía dende o ano 1669 nen capela nen hospital, os patróns da ermida do Corpo Santo seguen cobrando as rendas.

Importante capela foi esta, con hospital, romería e confradía propias, pero ¿ónde estaría situada? Cremos, por referencias dos veciños e outros datos extraidos de diversos documentos, que estaría situada ó lado do Camiño de Santiago, onde hoxe aparece o arruinado Pazo da Lameira (14), naturalmente no lugar de Corpo Santo.

Según os veciños houbo neste lugar capela, cemiterio e incluso houbo frades que serían pois, os de San Domingos, custodiadores da ermida de Corpo Santo.

O pazo de A Lameira está xa totalmente derruido e apenas se ven as paredes cubertas de maleza, ó seu lado aparecen dous hórreos, os restos de un cruceiro (o cruceiro que construirían no lugar da ermida de Corpo Santo). Todas estas construccións e as leiras do seu arredor están rodeadas por unha vella muralla de pedra. O escudo da fachada foi

levado hai uns corenta anos polos últimos donos do pazo, os Otero- Valcárcel á casa grande de Reboredo, na mesma vila de Carral. As armas do escudo aparecen hoxe totalmente desfiguradas, aínda que se aprecia a cimera e catro cuarteis, pero temos noticia da súa pertencia á casa dos Figueroa.

O pazo pertencía pois ós Figueroa, que xa ó principio do s. XVII aparecían como patróns da capela de Corpo Santo. Tiñan ademáis varias propiedades nesta parroquia e presentaban a Tabeaio e a Cañás. Son os Figueroa unha importantísima linaxe antiga da que hai datos dende o ano setecentos e pico que se extendeu por España e América desempeñando importantísimos cargos. A súa casa principal está situada en Figueroa (Abegondo). Os mesmos Otero-Valcárcel tiñan relación con esta familia, sendo donos ademais do pazo de Peito-Bordel. Tamén tivo relación con este pazo Mª Benita Verea y Aguiar, posuidora tamén do pazo de Grixalba en Sobrado e casada con José Antonio Bermúdez de Castro.

Dos Figueroa, personaxes que tiveron gran influencia no concello de Carral falaremos nos próximos libros.

Outro documento importantísimo que aporta moitos datos referentes a esta parroquia é o Catastro do Marqués da Ensenada, realizado en tódalas parroquias dependentes da coroa de Castilla. O día 12 de xullo de 1752 reúnense en Cañás os representantes da Comisaría Provincial da Real e Única Contribución, designados pola súa maxestade, co maiordomo pedáneo e veciños de Tabeaio. Faltou a esta reunión o naquel tempo párroco de Tabeaio, D. José Pardo de Castro y Andrade, por atoparse indisposto.

Aquí, mediante un interrogatorio, inténtanse establecer as posesións dos veciños da parroquia e de outras entidades de fora da parroquia, as rendas que pagan, os beneficios dos productos de campo e de gandeiría, os oficios, as casas, o número de habitantes, os límites de Tabeaio, etc...

Afírmase neste documento que a parroquia de Tabeaio é de *regüengo*, é dicir, depende directamente da súa maxestade, que ademáis posúe unha devesa nesta parroquia. Ademáis do rei, posúen aquí terras e cobran rendas o Marqués de Figueroa, o Convento de San Domingos de A Coruña, a Colexiata de Santa María do Campo de A Coruña, o Convento de Monxas Capuchinas de A Coruña, o Convento de Monxas Recoletas da cidade de Betanzos, o vicario de San Estebo de Culleredo, a igrexa de San Xulian de Sergude, a feligresía de Santa María de Andeiro, o Mosterio de Sobrado, o cura de San Miguel de Figueroa,... e a Confraría do Santísimo Sacramento, que existía naqueles anos aquí mesmo en Tabeaio.

Os veciños tiñan que paga-los diezmos (impostos sobre colleitas) que se repartían o cura da parroquia (este ademáis cobraba por unha leira pertencente ó igrexario situada ó lado da igrexa), doña Antonia María Sanjurjo, veciña de Sergude,

Pazo da Lameira totalmente arruinado.

e don Juan Méndez Montoto, rexidor e veciño da cidade de Ourense. Nestes anos sacaba o cura unha renta anual de 1248 reales de vellón, Antonia María 742, e don Juan Méndez 715. Tamén cobraban estas tres persoas as *primicias*, é dicir, impostos sobre o gando. Cobraba ademáis o cura *oblatas* e *loitosa*. Por outra banda pagaban os veciños por razón de *voto do Apóstolo Santiago* cada cinco anos 28 ferrados de centeo ó Arcedianato de Nendos e, ademáis, 83 reales de vellón ó ano por razon de "*servicio ordinario y extraordinario*".

Neste ano de 1752 hai en Tabeaio 68 veciños, hai 70 casas habitadas, 1 deshabitada e 3 arruinadas. Case todos eran labregos, aínda que tamén aparece un sastre e dous tecedores que, ademáis de exerce-lo oficio, labraban as terras; tamén hai tres pobres de solemnidade.

Os tipos de terra que existían eran de cultivo agrícola, montes abertos, montes pechados, prados de secano, prados de regadío, hortas, viñas, soutos, devesas,... sendo os cultivos principais os de trigo, millo, millo miudo, centeo, linaza, fabas, viño e árbores froiteiras como maceiras, pereiras, cerdeiras, nogueiras, limoerios, castaños, etc.

En canto á gandeiría destacan as vacas, bois, cochos, cordeiros, cabras, galiñas, egoas, cabalos e incluso capóns. As colmeas tamén aparecían en gran número.

Os valores dos productos do campo eran os seguintes: o ferrado de trigo valía seis reais de vellón, o de centeo tres, o millo catro, o millo miudo dous e medio, un ferrado de castañas verdes real e medio, o de seca seis reais, un ferrado de noces catro reais, unha libra de cereixas tres reais, un carro de leña de toxo sete reais, un carneiro doce reais, unha galiña dous reais e medio, un cordeiro catro reais, unha marrana catro reais, un cuartillo de manteca dous reais e medio, dous capóns cinco reais, unha libra de cera nove reais, e un par de polos vintecatro maravedís. Hai que dicir que o valor do gando é cambiante, según a súa capacidade de procreación,

idade, etc. Este valor tamén aparece regulado no Catastro da Ensenada.

No Catastro tamén se fala da cantidade de terreo de cultivo, montes, prados, etc. que hai na parroquia, e divideos en tres calidades, según as colleitas que produzan. Así, por exemplo, os montes altos e pechados de primeira calidade, rómpense e sémbranse cada dezaseis anos, os de segunda cada vintecatro anos, e os de terceira cada trinta. Os montes abertos e comúns rómpense, os de primeira calidade de trinta en trinta anos, os de segunda cada corenta e os de terceira cada cincuenta.

A medida máis utilizada naqueles tempos para as colleitas era o ferrado de centeo, que equivale a vintecinco varas castellanas.

O Catastro da Ensenada aporta aínda máis información, pero o estado da parte deste documento referida á parroquia de Tabeaio é deplorable, resultando moi difícil arrincar novos datos.

Nos tempos da Idade Moderna aínda non se formaran os concellos e Galicia aparece dividida en sete provincias que son as de A Coruña, Betanzos, Santiago, Mondoñedo, Lugo, Tui e Ourense. A provincia de Betanzos constitúese arredor do ano 1480 e nela vai estar incluida esta parroquia de Tabeaio, ademais das de Sergude, Cañás e San Vicente de Vigo. As outras parroquias de Carral —Paleo, Quembre, Sumio e Veira— van pertencer á provincia de Santiago. Ó mesmo tempo, dentro de Betanzos, Tabeaio, Cañás e San Vicenzo de Vigo, inclúense na xurisdicción de Betanzos, mentres que Sergude está incluida na xurisdicción de Miraflores.

Tabeaio é unha parroquia de *regüengo*, é dicir, pertence directamente ó rei e é gobernada, por así dicir, por un correxidor, elixido pola súa maxestade, que administra xustiza, vela polos intereses da monarquía, vixila a orde pública e interven nos procesos económicos que se producen na parroquia.

Hai que dicir tamén que Tabeaio está situada mesmo nos límites das provincias de Betanzos, A Coruña e Santiago, xa que linda con Paleo, pertencente a Santiago, e Castelo (Culleredo) pertencente a A Coruña. Os límites entre as provincias de A Coruña e Santiago veñen marcados dende o Pico Anxelius (pico máis alto do Monte Xalo) até o lugar de A Brexa, aquí en Tabeaio, onde se unen as tres antigas provincias de A Coruña, Betanzos e Santiago. Logo o río Brexa separará as provincias de A Coruña e Betanzos. Vemos así que o lugar de A Brexa é o punto de unión de tres provincias de o antigo reino de Galicia. Por un lado a moi extensa de Santiago, por outro a mediana de Betanzos e a máis pequena, a provincia de A Coruña.

Idade Contemporánea

Alá polo ano 1800 atopamos nesta parroquia gran cantidade de gavillas, é dicir, agrupacións de bandoleiros que se adican a asaltar e roubar ós veciños causando incluso algunha morte. Operan aquí as gavillas de Cambre, Carral, Poulo e Culleredo. Así, no ano 1826, unha destas, formada por xentes de Tabeaio e Culleredo, intenta asaltar a casa dun veciño de Sueiro, pero foxen ó acudir na súa axuda a xente dos arredores. Nembargantes si que temos constancia de roubos en casas de Alvedro, Orro, Vilaboa, San Pedro, no mesmo Tabeaio, etc...

Entre os integrantes destas cuadrillas temos ós veciños de Tabeaio Antonio Tumba e os irmáns Bello, Pedro e Juan. Os tres, xunto con outros bandoleiros, roubaron na casa dun exxeneral do exército e foron xuzgados e condenados, pero despois de cumprir condena van a ingresar na gavilla de Cambre, formada por uns vinte homes e mandada por

Manuel Chico de Cambre. No ano 1819 esta banda realiza roubos en varias casas de arredor, entre elas a de José García Blanco, ó que torturan "agarrandoo polas súas partes". Asaltan tamén tabernas e a casa de D. Gaspar Naya, cura de San Martiño de Orto, levándose toda a roupa branca, roupa de vestir, armas e algún diñeiro. A gavilla foi descabezada no ano 1820, ó ser arrestado o seu xefe, Manuel Chico, pero moitos dos seus componentes seguiron actuando. Os irmáns Bello entran nas gavillas de Carral e de Poulo, e o 15 de octubre dese mesmo ano realizan un novo roubo na casa de Jacinto Sánchez, levándolle xoias, diñeiro e roupa, ademáis de maltratalo cruelmente. Con motivo deste atraco é detido no mesón de Herves con gran parte do botín Vicente Antonio Rodriguez, outro componente da gavilla, que vai delatar a tódolos componentes da banda, entre eles a súa nai, Andrea Agustina Rodríguez, viúva, tecelana na súa mocidade e agora mendiga, e tamén a Pedro Bello. Arrestados no cárcere de Carral, Vicente Antonio escapa del o día de noiteboa do ano 1820, aproveitando a confusión da festa do Nadal. No ano 1821 foxen tamén Pedro Bello e outros membros da banda. Pero xa en febreiro deste mesmo ano son descubertos de novo por unha partida de voluntarios de Aragón, que era o corpo encargado de perseguilos. Establécese un tiroteo e morre un membro da banda. Os demáis son apresados e condenados a penas que van dende dez anos de celda en Ceuta até dous anos de cárcere en Santiago.

Por estes anos atopamos tamén que Tabeaio era unha das poucas parroquias de Carral nas que había escola. Mesmo dentro da xurisdicción de Betanzos era a única parroquia de Carral que a poseía, xa que Sergude, Santaia de Cañás e San Vicente de Vigo carecían dela. No ano 1815 aparece xa unha escola de ensino primario, só para nenos, que tiña como mestre a un tal Fernando de la Cruz. Aparece esta feligresía

con cincuenta veciños, número mínimo que ha de ter unha parroquia para poder acceder a escola. Aprendían aquí os nenos a ler, escribir, doutrina cristiana e contas. Nembargantes, nas escolas de nenas, que tamén existían naquela época, aínda que non aquí en Tabeaio, ensinábaselles a ler, coser, calcetar, bordar, planchar e doutrina cristiana. Hai que salientar que os mestres daqueles tempos eran ás veces simples labregos e, increiblemente, rexistramos o caso de algún mestre que non sabía ler nen escribir. Polas actas do concello temos constancia de problemas como a tardanza en pagarlle ós mestres ou os problemas destes con algúns pais que se negaban a mandar ós nenos á escola.

Os libros utilizados eran o *Catecismo* da doutrina, o *Silabario de la Academia de primera educación*, o *Catón del Colegio de profesores de primeras letras de Madrid*, o *Método práctico de enseñar a leer*, o *Amigo de los Niños: lecciones escogidas para los niños que aprenden a leer en las Escuelas Pías*, as *Fábulas de Samaniego, Lecciones de Aritmética para el uso de las Escuelas del sitio de San Idelfonso y demás Escuelas Reales, Principios generales de Aritmética para el uso de las Escuelas pías de Castilla.*

Estaba prohibida a existencia de escolas mixtas.

Ó principio da Idade Contemporánea Tabeaio segue pertencendo á xurisdicción de Betanzos dentro da provincia do mesmo nome, pero a súa situación territorial e administrativa vai cambiar en seguida.

A liquidación do Antigo Réxime empeza no ano 1810, cando Napoleón en Baiona publica o Real Decreto do 17 de abril dividindo a España en 38 prefecturas. Galicia contará coas prefecturas de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra con capital en Vigo. Estas prefecturas darán lugar ás provincias e Tabeaio, que pertencía á provincia de Betanzos, engrosará agora a provincia de A Coruña.

No ano 1812 promúlgase a liberal Constitución de Cádiz (un dos firmantes vai ser un famoso veciño de Sumio, D. Francisco Bermúdez de Castro y Sangro) na que se recolle a formación de concellos en toda España.

No ano 1821, no *"reparto de rendas sobre o consumo de viños, augardentes, vinagres, aceite e carne"*, aparece xa o nome de varios concellos formados, como os de Arteixo, Cambre, Miraflores, Betanzos, Sigrás, Vións, Val de Barcia,... pero non aparece aínda o de Carral. Aparecerá a partir do 20 de xunio do ano 1836 no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, integrado polas oito parroquias que hoxe ten, entre elas, naturalmente, Tabeaio. A demarcación do concello fixoa o Gobernador Civil D. Pío Pita, por encargo da raiña María Cristina, según marcaba a división administrativa de España feita por Xabier de Burgos. Tabeaio aparece neste ano con 35 veciños ou 117 almas, sendo a parroquia menos poboada de todo Carral.

Moitos problemas tivo o Concello de Carral para quedar constituido como está na actualidade. No ano 1835 considerábase que este concello tiña que ser chamado de Paleo e estaría formado por 15 parroquias: Tabeaio, Sergude, Veira, Cañás, San Vicenzo de Vigo, Quembre, Paleo, Sumio, Andeiro, Santa María de Vigo, Celas, Castelo, Ledoño, Orro e Veiga. Pero pronto se cambeou de parecer, formando o novo Concello de Alvedro (que máis tarde chamaríase de Culleredo) que recolle, entre outras, as parroquias de Orro, Ledoño, Celas, Castelo e Veiga. Andeiro e Santa María de Vigo pasarían a pertencer ó Concello de Cambre. Había tamén liortas entre os propios concellos polos límites. Así, na sesión do 17 de octubre de 1836, o Concello de Cambre reclama a todo Gosende como pertencente á parroquia de Andeiro, e polo tanto ó Concello de Cambre; pero a moción non prospera e parte de Gosende segue incluida na parroquia de Tabeaio até hoxe.

Non houbo máis modificacións, pero no ano 1842 hai unha nova proposta de que Carral inclúa, ademáis das oito

parroquias que agora ten, as de Andeiro, Orro, Culleredo, Veiga, Ledoño, Sésamo, Sueiro, Celas e Castelo, cousa que tampouco prosperou.

No decreto de 3 de marzo de 1820 aparecen Tabeaio e Sergude formando parte do partido xudicial de A Coruña, mentres que Vigo e Cañás van pertencer ó partido de Betanzos, e Veira, Paleo, Quembre e Sumio integraránse no de Poulo.

A nivel eclesiástico todo Carral depende da diócese de Santiago, pero Sergude e Tabeaio pertencen ó arciprestazgo de Alvedro e o resto das parroquias de Carral ó arciprestazgo de Abegondo.

Tabeaio veráse inmerso en moitos avatares políticos durante esta época moderna. No ano 1809, en plena invasión francesa, o exército francés asalta a igrexa de Tabeaio roubando, entre outras cousas, un viril e un copón, ademáis de requisar xoias e outros obxectos de valor que había na parroquia.

Seguidamente entramos xa de cheo nas guerras carlistas, que se extenden entre os anos 1839-1840, 1847-1848 e 1869-1875. Os carlistas eran partidarios de que á morte do rei Fernando VII herdara a coroa o seu irmán Carlos. Eran absolutistas, sostiñan que o poder pertencía ó rei, reclamaban a volta ó Antigo Réxime, e negábanlle ó pobo calqueira dereito e libertade. Eran apoiados pola igrexa, aristocracia e militares de alto rango. A eles opoñíanse os liberais, partidarios de que o pobo elixise ós seus gobernantes, e de que se estableceran unhas libertades e dereitos básicos. Contaban nas súas filas con burgueses adicados ó comercio e a industria, oficiais do exercito, etc... Opoñíanse a que Carlos tomase o poder e preferían, como mal menor, que Isabel II, filla de Fernando VII, ocupase o trono. Isto foi o que sucedeu, e os partidarios de Carlos lanzáronse á guerra aberta.

Moitas escaramuzas houbo preto de Tabeaio. O 4 de agosto de 1835 os carlistas asaltan unha dilixencia no lugar de Mesón do Bento matando a un tenente coronel.

No ano 1837, na feira de As Travesas en Veira, os carlistas matan unha persoa.

No ano 1838 unha división carlista de 300 homes ataca Carballo, tamén neste mesmo ano unha guerrilla carlista, baixo o mando do fraile Saturnino Enriquez, aniquila totalmente unha aldea preto de Tabeaio, a de Vións (Abegondo), xa que os seus veciños negábanse a dar diñeiro para apoiar a causa carlista. Nun só día asasinaron a 16 veciños.

En Tabeaio non recollemos datos de nengún asasinato, pero o concello de Carral, partidario da raiña Isabel II, fai que os veciños desta parroquia, así como as de todo o concello, colaboren na defensa do concello contra os carlistas. Os veciños teñen que pagar máis impostos para auxiliar os soldados defensores de Isabel II que, en Carral, tiñan dous destacamentos, un na propia vila de Carral e outro no Pazo das Cadeas (Herves). Había que suministrarlles leña, viño, palla, cebada, cartos para municións,.... Ás veces incluso, os veciños, tiñan que acoller na súa casa ós soldados, dándolles leito e comida. Tamén facían servicios de vixiancia, sobre todo ó longo da estrada A Coruña-Santiago, facendo reténs pola noite e avisando do paso do inimigo co redoble das campáns da igrexa. Impídese tamén que se recollan nas casas a mulleres forasteiras. Ó mesmo tempo, tódolos homes entre 18 e 50 anos son movilizados, sendo o cura de Tabeaio o que entrega ó concello as partidas de bautismo correspondentes para saber os que tiñan que alistarse. Algúns deles fixeron o seu servicio militar no Pazo das Cadeas en Herves. Nas actas do Concello atopámo-las protestas contra as cargas económicas e sociais que acarrea esta situación. Algúns veciños intentan escapar ó seu alistamento finxíndose enfermos ou incluso marchando de Carral.

Por se esto fose pouco, entre as guerras carlistas, no ano 1846, vai a ocorrer o episodio máis famoso deste concello, o coñecido co nome dos *mártires de Carral.*

Trátase do levantamento progresista do II Batallón do Réximento de Zamora, baixo o mando do comandante Solís, apoiado pola Sección Militar de Xixón e, sobre todo, polos estudiantes de Santiago, que por primeira vez lle van a dar un matiz galeguista a unha rebelión contra o absolutismo e centralismo español. O pronunciamento prodúcese na ciudade de Lugo.

O día 5 de abril de 1846, Tabeaio ve pasar pola actual estrada A Coruña-Santiago unha columna de artillería mandada polo tenente xeneral Puig Samper que sae en persecución de Solís que, dende Lugo, dirixíase a Santiago. Nembargantes, o groso do exercito de Puig Samper dirixirase a Santiago dende Betanzos atravesando As Travesas (Veira). O encontro entre forzas inimigas producese en Sigüeiro, pero Solís, con superioridade numérica, non ataca e ofrécelle tregua ó inimigo.

Samper regresa a A Coruña volvendo a cruzar Carral, busca máis armas e soldados e cruza de novo Tabeaio para enfrentarse xa en firme con Solís outra vez en Sigüeiro, producíndose agora unha guerra sen cuartel. Contan as crónicas que en catro horas se produciron máis de cen mortos. Non houbo vencedores nen vencidos, pero Puig Samper presenta a dimisión e toma o mando das forzas estatais o xeneral Mac Crohon. Ambos exercitos volveran a cruzar Carral. Mac Crohøn estableceráse aquí mesmo esperando o que fagan as tropas rebeldes.

Finalmente encontraránse os dous exercitos en Santiago, onde se libra a terrible *batalla de Cacheiras*. Solís é totalmente derrotado e, cos seus oficiais, refúxiase en San Martiño Pinario (Santiago), esperando que o auxilien as tropas sublevadas de Vigo, baixo o mando de Rubén de Celís. Pero esta axuda non chega e acaban por renderse. Os prisioneiros son traidos a A Coruña con ánimo de xuzgalos, pero nesta vila tiñan moitos adeptos e, ante a posibilidade de desordes

públicos, óptase por facerlles un xuizo falso e fusilalos no medio do camiño. Despois de intentalo en Órdes, conseguen facelo en Carral o 26 de abril deste ano de 1846. O encargado de xuzgalos vai ser o comandante graduado de infantería da Comisión Militar de A Coruña, Antonio de Castro.

Como sabemos, Solís foi fusilado no cemiterio de Paleo, e once oficiais máis na Fraga do Rei. Noutros libros das parroquias de Carral abordamos este suceso con profundidade, por iso non imos falar máis del. Simplemente anotar dous datos que quedaron esquecidos. Un é que nas súas tumbas no cemiterio de Paleo aparece a seguinte inscripción:

Da nova aurora o sol alumea
que bendita de mortos a memoria
dos seus verdugos se esterrece a historia.

O outro dato é que no mesmo cemiterio de Paleo tamén se enterrou un soldado que participou no levantamento de Solís chamado Salvador Saliller natural de Aragón e pertencente ó Reximento de Zamora. A súa morte parece ser debida a causas naturais, e foi enterrado o día 25 de abril, é dicir, un día antes do fusilamento de Solís.

Por Tabeaio pasará de novo hacia A Coruña o groso do exercito vencedor con prisioneiros. E así rematamos este luctuoso suceso que conmoveu a toda Galicia.

Arredor deste século e do seguinte, os labregos móstranse moi activos na loita contra a terrible explotación á que son sometidos. Van xurdindo en toda Galicia novos e progresistas contidos ideolóxicos, producíndose disturbios e rebelións contra o poder imperante.

Así, no ano 1874, varios labregos de Carral participan nun congreso progresista que intenta, aínda que non o consegue, suprimi-los foros que matan ó campo galego. Trátase

do Congreso Agrícola Gallego, ó que foron invitados polo enxeñeiro Sánchez Villamarín.

No ano 1871 a Garda Civil mata a dous homes e fire gravemente a unha muller e o seu fillo que pelexan contra o cobro de impostos abusivos na feira de As Travesas (Veira).

Tamén no mesmo ano prodúcense enfrentamentos no concello de Carral, xa que un grupo de veciños impide a votación nunhas eleccións que consideran manipuladas. A Garda Civil e un Reximento de Cabalería composto por 30 soldados e un subalterno veñen a Carral para impoñe-la orde. Trátase da elección a deputados ás Cortes do día 8 de marzo de 1871. O alcalde manda unha instancia ó capitán xeneral de Galicia decindo que á unha da tarde de ese día varios veciños interromperon a votación obstruindo o paso até a mesa electoral non permitindo a entrada e a Garda Civil, que alí se encontra, non é suficiente para mante-la orde, polo que pide reforzos que lle permitan restablecela.

Así foi, ó día seguinte repítense as eleccións baixo a atenta mirada da Garda Civil, ademais de un tenente e 30 soldados.

A partir do 1900, os labregos e gandeiros van a agruparse en distintas asociacións campesiñas A función destas asociacións era protexer os intereses de campesiños e gandeiros, que era a dedicación case exclusiva dos veciños desta parroquia. Nembargantes algunhas incluían entre os seus asociados a membros de outros oficios. O principal obxectivo era crear un fondo comunal para casos de derrame de colleitas ou morte e enfermidade do gando, pero entre os seus logros estaba a introducción de técnicas modernas para a agricultura e gandeiría, a mellora dos servicios da aldea como escolas, estradas, etc., e incluso a loita permanente cos caciques de turno ou coas institucións que os asoballaban, xa que por aquel entón aínda o labrego estaba sometido a unha terrible explotación, sobre todo económica e humana.

Naqueles tempos os sindicatos labregos máis importantes que había en Galicia eran Solidaridade Galega e Unións Campesiñas. O primeiro era de tipo agrario rexionalista, con influencia republicana e galeguista, predicaba a loita anticaciquil e o impulso das rexións fronte ó centralismo. O segundo era de tendencias anarquistas e loitaban pola abolición de foros e laudemios, contra o pago de contribucións polos propietarios das terras, néganse a pagar rendas en caso de perda de colleita, loitan contra as inxerencias de curas, avogados e concellos nas asociacións labregas e piden unha escola laica.

Solidaridade Galega fai o primeiro mitin totalmente agrario da súa campaña en Meixigo (Cambre) o 27 de octubre de 1907. No ano 1908 fará un mitin en Carral ó que van a asistir asociados de Abegondo, Cambre e Cerceda. Nas eleccións de maio de 1909 case conseguen maioría absoluta no concello de Carral.

Por outra banda encontramos tamén xente de Tabeaio participando nas anarquistas Unións Campesiñas dentro da Federación Comarcal con sé en San Pedro de Nos, as cales chegaron tamén a ter unha forza impresionante no campo galego. A súa radicalización lévaos a ter moitas escaramuzas co poder. Así, por exemplo, asaltan o cuartel da Guardia Civil en Oleiros e cometen diversos atentados como o que afectou á igrexa de Sigrás.

En Carral, entre o 1908 e 1916, xurden a lo menos doce asociacións agrarias, así temos, entre outras, a Sociedade de Agricultores "Amparo dos Pobres", a Sociedade de Agricultores de San Vicenzo de Vigo, Sociedade de Agricultores de Cañás, Sociedade de Seguros Mútuos de Cañás, Sociedade de Seguros Mutuos de Hérves-Veira, Sociedade Agrícola e Gandeira de Carral, Asociación de Gandeiros da Parroquia de Quembre, etc. En Tabeaio destacamos o Sindicato de Campesinos e Oficios Varios de Tabeaio, fundada no ano 1936, a Asociación Protectora do Campo e Oficios Varios de

Tabeaio, fundada no ano 1932, e a Sociedade de Seguros Mútuos de Tabeaio, fundada no 1931.

En Tabeaio constituiuse así o 8 de decembro de 1931 a *Sociedad de Seguros Mútuos sobre ganado vacuno* chamada *La Cooperativa Agrícola*, fundada no lugar de O Cruceiro, na casa de Pedro Gómez de Seijo. O primeiro presidente é Pedro Bergondo Ramos, e o vicepresidente será Manuel Barbeito Míguez, ademais noméanse catro inspectores e catro vixiantes, un por cada unha das partes en que dividen a parroquia de Tabeaio (Tabeaio, Corpo Santo, Vilamouro e Gosende). O presidente convoca e preside as xuntas, propón a admisión de asuntos a tratar, decide en caso de empate nas votacións, e cumpre e fai cumprir os acordos entre os asociados. Os inspectores teñen que detallar o gando de cada asociado, vixiar a saúde do animal e tamén as medidas hixiénicas nas que se encontra. Os vixiantes coidan ademais de que os donos lle den ó animal o trato e traballo adecuado, tamén impiden que cando a res morra de peste sexa utilizada para o consumo, ordenandolle ó seu dono que sexa queimada e enterrada. Os aociados tiñan que reunirse como mínimo cada tres meses. Nun principio o lugar de reunión era a casa de Pedro Gómez, pero ás veces tamén se reunían no salón de baile de Tabeaio. Para as reunións había que pedir a pertinente autorización á autoridade correspondente por medio do concello. A función principal desta asociación era reintegrar ou indemnizar ós gandeiros socios as perdas que por morte ou desgracia poden ocurrir a calqueira das reses rexistradas na sociedade. As indemnizacións nestes casos recóllense dos fondos, se os hai, ou por prorrateo entre tódolos socios, incluido aquel que sufriu a perda. Para que se fixesen efectivas estas indemnizacións o animal tiña que estar rexistrado e cumpri-las normas de hixiene, sanitarias e de coidados precisos. Ademais establécense diversas multas por incumprimento destas normas por par-

te do dono. Os gastos de medicinas e consulta ó veterinario ou albeite, correspondíanlle ó dono.

A sociedade establece tamén unhas indemnizacións no caso de accidente dos animais, como perda do rabo, perda de cornos, cegueira,... Ademáis, se a vaca aborta páganse ó dono cen pesetas, e se o cuxo nace morto 150 pts. Os inspectores e vixiantes controlan as circunstancias do accidente e o pago non se fai efectivo se foi debido a neglixencia do dono.

Ó longo dos anos as directivas foron cambeando e aparecen inspectores como Manuel Muiño Pan, Manuel Rodríguez Barbeito, Santiago Insua, Pedro Someso Seijo; vixiantes como Juan Graña Casás, Francisco Morandeira Rodríguez; vicepresidentes como Andrés Taibo. Despois da Guerra Civil moitas sociedades son descabezadas, e as que quedan están totalmente controladas polo poder acabándose totalmente a loita labrega. A *Sociedad de Seguros Mútuos sobre ganado vacuno* segue existindo despois da guerra. O 22 de febreiro de 1940 aparece como presidente Francisco Montes Cañás, secretario Manuel Barros Paz, inspectores José Regueiro Muiño, José Barbeito Fernández,... Nestes tempos o Goberno Civil controla a ideoloxía e a conducta dos integrantes das asociacións, aparecendo nesta xente de dereitas e de esquerdas e, en canto á conducta, aínda que xeneralmente é boa, aparecen tamén, según os documentos do Goberno Civil, algunhas persoas blasfemas ou aficionadas á bebida.

Baixo o amparo e protección desta *Sociedad de Seguros Mútuos sobre ganado vacuno*, vaise crear unha nova sociedade que é a *Sociedad de Seguros Mútuos de ganado de cerda*. Fúndase o 14 de decembro de 1940 e a súa directiva é a mesma que a da sociedade anterior. A tenencia de alcaldía informa da boa conducta dos seus asociados e de que a proxectada sociedade ten só carácter gandeiro. O gobernador civil dá a súa conformidade o día 14 de febreiro de 1941.

Os estatutos son moi parecidos ós da sociedade de gando vacuno, pero os asociados pagan cuotas que se satisfacen na casa dun inspector o día sinalado antes das doce do mediodía, baixo pena de multa, que consiste en unha peseta por día de retraso. Tamén se multa con 25 pts. ós socios que dan de alta nesta sociedade porcos que foron dados de baixa noutras asociacións, quen reincida será expulsado. O animal admitido ten que ser recoñecido polo veterinario, e logo ser tratado adecuadamente. Como no caso do gando vacuno, en caso de morte indemnizarase ó seu dono mediante pago do valor integro do animal, pero se morre na vía pública descóntaselle o 15% e ademais requisarase a carne que será vendida en pública subasta. Tamén paga a sociedade os gastos do animal enfermo, sempre que o dono lle dé o tratamento adecuado. Se a porca de cría morre preñada hai que abri-la porca para valora-la cría.

Como vemos, a importancia do gando por estes tempos era inmensa. O labrego coidábao máis que a si mesmo xa que nel se basaba case toda a economía familiar. É por elo que os albeites e veterinarios gozaban dunha certa relevancia.

Volvemos así ó libriño do albeite Santiago Insua, que recollía as múltiples enfermidades do gando e a súa forma de tratamento. Fala aquí de enfermidades como as traidoras, as nacidas, cámaras, problemas de ubre, nervos na cabeza, osteomalcia (falta de cal nos osos), vermiose, bronquite, mamite, prolapia do útero ou saída de madre, febre vitularia, non secundinación, retención das parias, diarrea, cornos partidos, problemas de capadura, ronchas, tiña, sarna, desasento da matriz, mal de espalda, hidropesía, larinxite, pica ou apetito depravado, indixestións, meteorismo, pulmonía, metrite (inflamación da matriz ou madre), cambras, glosopeda, anemias, hinchazón de pernas,... que afectan a tódolos animais domésticos. Na curación destas enfermidades utiliza productos farmaceuticos e métodos naturais, algúns tan

sorprendentes como a estricnina (na indixestión de auga suminístranselle ó gando 50 ou 60 gr. de augardente mezclado con 1 a 5 cgr. de estricnina), opio (larinxite), follas de tabaco (indixestión), adormideira (diarrea do gando vacuno), petróleo (meteorismo), viño,...

Así, como exemplo, recollemos o método de curación dunha enfermidade típica como a bronquite verminosa:

Esta enfermidade ataca xeneralmente ó gando xoven que pasta en pradeiras situadas preto dos ríos que se desbordan frecuentemente. Producea unha lombriz que se aloxa en grandes cantidades na tráquea e nos bronquios producindo unha forte irritación e inflamación das vías respiratorias. Algunhas veces forman unha especie de pelota e chegan a producir a asfixia do animal. Síntomas: xeneralmente ataca ó mesmo tempo a varias reses. Os animais sofren unha tos violenta que os deixa sen forzas, e durante o acceso expelen un moco filamentoso no que se descubren os parásitos. Tratamento: facer que cada tres días reciban os animais a acción de vapores, fume, etc para que espirren e expulsen gran cantidade de parásitos. Os vapores prodúcense vertendo ácido sulfúrico sobre pó de cal, ou queimando nun braseiro pequeno brea ou baias de xenebro. Nun dos días que median entre dous días de vapores, inxéctase pola tráquea un preparado de 10 gr. de aceite de oliva e esencia de trementina a partes iguais. Ou ben unha solución de dúas partes de iodo puro, dez partes de cloruro potásico e cen de auga destilada, a esta solución engádeselle igoal cantidade de esencia de trementina e o todo emulsionase con aceite común. O medicamento así preparado inxéctase pola tráquea en cantidade de 5 a 8 cc por animal. Se os animais están moi atacados debe empezarse o tratamento por estas inxeccións.

Aparte destas asociacións agrarias, arredor dos anos 30 aparece en Carral xente pertencente a varias agrupacións

políticas: Unión Republicana, Partido Radical, socialistas, partidos de dereitas. A Guerra Civil truncou toda esta efervescencia de libertade e loita, quedando só un único partido que arrasou ós demais provocando mortes, fuxidos e violacións sistemáticas dos dereitos do home. Este feito produciráse, como sabemos, o 18 de xulio de 1936.

Un testigo excepcional e importante destes acontecementos casou, viveu e morreu en Tabeaio. Chegou, unha vez reposta a democracia, a ser alcalde de Carral entre os anos 1983 e 1986. Pero antes, como veremos, tivo unha vida axitada e chegou a ocupar altos cargos no exilio, ó que tivo que acudir despois da Guerra Civil para escapar, como tantos outros, das garras da dictadura franquista.

Era ese home Francisco Javier Alvajar López. Da súa vida antes da guerra e durante o exilio temos amplia información autobiográfica publicada no *Anuario Brigantino*. Aquí resumimo-lo máis importante.

Francisco Javier Alvajar naceu en A Coruña, na rúa do Parrote, no ano 1920. Os seus pais eran xa destacados políticos. A súa nai era Rita Amparo López Jean, natural de Vilaboa (Culleredo), socia das Irmandades da Fala coruñesas e militante do Partido Galeguista, presidiu o grupo de Mujeres al Servicio de la República e a Agrupación Republicana Femenina, faleceu no exilio en París. O seu pai era Cesar Alvajar, nado en A Coruña, fundador de periodicos republicanos como *La República* e satíricos como *La Ciudad*, redactor jefe de *La Voz de Galicia*, presidente do Casino Republicano de A Coruña e tamén do comité de Unión Republicana e da Liga de los Derechos del Hombre desta cidade. Durante a República foi Gobernador Civil de Soria e durante a Guerra Civil Jefe da Secretaría da Delegación de Evacuación de la Junta de Defensa de Madrid, e redactor da sección de información do Ministerio del Estado en Barcelona, e tamén do Servicio del Estado Mayor del Ejercito de Tierra. No exilio en

París dirixiu *La Nouvelle Espagne*, revista do Goberno Republicano no exilio, e tamén *La República*, órgano da Acción Republicana Democrática Española. Exerceu de delegado do Consello de Galicia en Europa

Francisco Javier Alvajar creceu, como vemos, nun ambente ideoloxizado, e incluso visitou varias veces a distintos membros da súa familia cando estaban no cárcere por distintos avatares políticos. O seu pai foi incluso sometido a consello de guerra durante o famoso *"bienio negro"* (1934-1936) no que as dereitas se alzaron co poder suprimindo dereitos do pobo e paralizando leixes que dignificaban o traballo de obreiros e labregos.

Durante a República permanece en A Coruña estudando e, segundo el, xogando ó fútbol. Pero tamén se organiza na Unión de Estudiantes Antifascistas (U.E.A.), que presidía Eugenio Carré, o que fixo que con só 14 anos fose sometido a un interrogatorio policial.

Javier Alvajar no seu despacho do Goberno Republicano no exilio (1959).

En plena Guerra Civil, en xulio de 1938, foi movilizado polas forzas adictas a Franco, cando contaba só con 18 anos. Recorre Toledo, Valladolid e Castellón en posicións de retaguardia, xeneralmente con funcións de mestre. En Castellón escapou, aproveitando a garda nocturna, ás filas do exército republicano. Vendo perdida a guerra vai a Alicante onde intenta, como moitos outros, coller un barco que o alonxe de España, pero alí é fei-

to prisioneiro e levado ó campo de concentración de Albatera de Catral onde pasa grandes penalidades. Debido a que sabía escrebir, adicárono a cubri-los salvoconductos de soldados e prisioneiros que tiñan demostrado non pertencer ó bando republicano. Aproveitando un descuido dos oficiais fai un salvoconducto para si mesmo e logra escapar até A Coruña. Aquí, ante o perigro de ser descuberto, refúxiase en Anceis (Cambre) facéndose pasar por sobriño dun matrimonio de campesiños. É posto en busca e captura, e ademáis, o tenente encargado da súa búsqueda da licencia para que o que o encontre "lle pegue dous tiros". Tiña Alvajar daquela 19 anos. A pesar disto móvese por España adiante. O 6 de abril de 1946 acóllese ó indulto que deu o xeneral Franco. No 1948 traballa como xerente dunha mina de wolfram en Ponferrada, onde se lle somete a un consello de guerra. No 1954 o comandante do posto da Garda Civil de Ponferrada recurre a el para que lle axude a capturar guerrilleiros daquela zoa, xa que Alvajar é amigo dos traballadores. Négase e, ante posibles represalias, el e a súa muller escapan a Francia o día 5 de marzo de 1954. A súa muller era Mª Josefa Castelo, natural do lugar de A Cambela en Tabeaio. No mesmo ano regresa a A Coruña, pero convencese en seguida de que as circunstancias non son apropiadas e volta de novo a París. Alí permanece longos anos no exilio, onde vai a alcanza-los máis altos cargos.

Foi nomeado Delegado do Consello de Galicia en Europa, cargo no que xa estivera o seu pai dende o 1958. Hai que resaltar que o Consello de Galicia fora fundado por Castelao, Elpidio Villaverde e Ramón Suárez Picallo o 15 de novembro de 1944 en Montevideo, é vai ser algo así como o goberno autonómico de Galicia. Reclaman o dereito de autodeterminación do pobo galego aínda que descartan o separatismo, sendo partidarios máis ben dun estado federal republicano e totalmente democrático, sendo o seu obxectivo fundamental derriba-lo goberno fascista español. En París estaba a delega-

ción europea. Alvajar conseguiu, no ano 1960, que o Consello de Galicia fose admitido no Consejo Federal Español del Movimiento Europeo (formado polo conxunto de forzas democrata-cristianas, socialistas e liberais de dentro e fora de España) que presidía D. Salvador de Madariaga. No ano 1962 tamén consegue que o Consello de Galicia entre a formar parte da Unión Federalista de Comunidades Étnicas Europeas. Tamén entrou a formar parte da Unión de Forzas Democráticas, que aglutinaba partidos políticos (PSOE, PNV, ERC,...), sindicatos (como a UGT) e outras forzas democráticas que propugnaban que á caida do dictador se formase en España un goberno democrático provisional formado por personalidades das distintas tendencias que o integraban.

Tamén formou parte do Goberno Republicano no exilio, onde ostentou os cargos de secretario do Ministerio de Información, Propaganda y Archivos (1959-1965), Secretario da Presidencia (1967-1969). No ano 1987 foi nomeado Canciller Honorario del Consulado General de la República. Asimesmo foi o primeiro presidente do Fondo de Ayuda de los Republicanos Españoles e tamén foi presidente da Agrupación Republicana Democrática Española (A.R.D.E.). Tamén a el se debe a fundación da Casa de Galicia en París.

Pouco a pouco Alvajar vai caendo na órbita do PSOE e á volta do exilio establécese en Tabeaio e chegará a ser alcalde de Carral baixo as siglas deste partido durante os anos 1983-1986.

As súas ricas memorias son recollidas no *Anuario Brigantino* e nos proporcionan datos valiosísimos sobre importantísimos personaxes e transcendentais sucesos que el viviu en primeira fila. Aporta tamén documentación inédita sobre as organizacións políticas no exilio.

Asimesmo revela moitos secretos que interesadamente permanecen oscuros ou silenciados, como por exemplo as simpatías fascistas de D. Juan de Borbón, pai do actual rei de España.

Alvajar morre en 1996 e recibe sepultura no cemiterio da igrexa de San Martíño de Tabeaio.

Non foi Alvajar a única figura do republicanismo de Carral que sufriu o exilio. Xesús Mejuto Vázquez, mestre de Carral até o 1921, sería un dos máximos dirixentes da Unión Republicana. Con motivo da Guerra Civil marchou para Cuba e acabou exiliandose en Francia. Máis grave foi o caso doutro veciño de Carral, José Seijas Insua, que morreu no campo de concentración de Mauthausen, durante a ocupación alemana en Francia, logo de ter fuxido de España.

Finalmente referímonos á igrexa de San Martiño de Tabeaio (15), da que aparecen os primeiros datos arredor do ano 1700, aínda que nesta época era unha capela de dimensións máis reducidas. No Catastro da Ensenada falamos dos impostos que nesta época cobraba o cura. Carré Aldao, na *Geografía General del Reino de Galicia* dí que na sacristía do templo existía unha antiquísima imaxe que a tradición popular supón que foi atopada nun labradío. Tamen conta que no cemiterio había dúas curiosas lápidas borradas. Nembargantes hoxe a xente non lembra a aparición desta imaxe, e no cemiterio non aparece nengunha lápida das características por el recollidas.

A igrexa de Tabeaio, como outras igrexas de arredor, foi asaltada e roubada polos franceses no ano 1809 e levaron, entre outras cousas, un viril e un copón. No ano 1825 a igrexa sufrirá tres roubos consecutivos. No primeiro rompen a parede da sacristía e, polo burato, rouban copón, ostias e rompen diversos enseres relixiosos. Noutra noite rompen a porta e rouban candelabros, cruz parroquial,... Ante as continuas agresións montan garda nocturna os veciños durante algunhas noites, pero unha vez retirada esta, volven a roubar. Esto altera a vida da parroquia. Ó mesmo tempo é asaltada tamén a igrexa de Suevos. As autoridades relixiosas,

ante estes graves sucesos esixen que tódalas noites estén dous veciños de garda dentro da igrexa, pero máis tarde óptase por retira-los obxectos de culto a lugares máis seguros durante a noite. Por outra banda, as autoridades eclesiásticas de Santiago ordenan ó cura desta parroquia que faga unha misa cantada, con procesión e de gran boato á que asistan os párrocos das feligresías limítrofes para repara-lo tremendo agravio que sufrira o Noso Señor. Instan ó cura a que convoque a tódolos veciños da parroquia e no seu sermón predique as durísimas penas que Deus impoñerá ós sacrílegos. O cura pide axuda ó economato da igrexa de Santiago para que lle repoña algúns dos enseres necesarios para face-la misa, xa que según di, a fábrica da igrexa non ten cartos e os feligreses son pobres.

No ano 1826 existe nesta igrexa unha única confraría, a do Santísimo Sacramento.

No ano 1833 encontramos diversos documentos que nos falan de enfrentamentos polo pago de rendas á igrexa que chegan incluso ó xuzgado.

No 1877 fúndase na igrexa a Sociedad de las Hijas de María e pídese o seu ingreso na Archicofradía de las Hijas de María, que estaba situada en Barcelona. O arzobispado de Santiago concede cen días de indulxencia para os asistentes ós actos da fundación.

No ano 1878 recolle-

Igrexa de San Martiño de Tabeaio.



mos, a modo anecdótico, a liorta entre o cura e unha veciña de Tabeaio, cando en plena misa e, dende o altar, o cura repréndea por entrar co can na igrexa e logo expúlsaa collendoa dun brazo. O cura denuncia o caso ó Pazo Arzobispal de Santiago pero este, con moi bo criterio, dille que é mellor que se olvide do caso, xa que ambolos dous non cumpren as normas de obrigado comportamento, pois a muller non debeu entrar co can e o cura non debeu berrar na misa, debendo selo sacristán o que botase con bos modos á muller. E, por outro lado, según contaban os veciños, o mesmo cura levaba ás veces o seu can adentro da igrexa, cousa que tampouco estaba moi ben feita.

No ano 1881 Sergude vai intentar incorporarse como parroquia anexa á de Tabeaio. Nun principio era independente, e intentouse unir á de Cañás, pero os veciños protestan mandando unha carta ó arzobispado na que piden unirse a Tabeaio, xa que Cañás quedáballes moi lonxe para asistir ós oficios relixiosos, o camiño era penoso e atravesaba un río que nas enchentes era imposible de cruzar. No ano 1883 Sergude ten xa o mesmo cura que Tabeaio, aínda que pertencían a distinto arciprestazgo pois Sergude dependía de Abegondo e Tabeaio de O Faro.

Cruceiro.

Hoxe aparece a típica igrexa caleada, excepto campanario e fachada con pedra. Ten unha placa adicada a Francisco Rey Reboiras (1940- 1986) en agradecemento ós servicios prestados á parroquia. Dentro da igrexa hai un interesante retablo coas imaxes do Sagrado Corazón de Xesús, San Xosé, San Roque e San Martiño. Na igrexa tamén están as imaxes da Inmaculada Concepción, Dolorosa, San Martiño (este máis moderno), San Antonio, Santa Lucía e Fátima.

Preto da igrexa está situado o cruceiro (16) que da nome a unha aldea de Tabeaio. Foi ¿restaurado? en maio de 1992. Hoxe presenta plataforma cuadrangular de dous grados, pedestal cúbico rematado en chaflán, varal cadrado, capitel con figuras ovaladas e, no anverso da cruz un Cristo crucificado con escaleira e no reverso unha Virxe en actitude orante, ó seu lado ten mesa de ofrendas. Antes de ser restaurado presentaba pedestal ovalado e varal traballado con follas.

Camiños antigos

Hai en Tabeaio tres camiños importantísimos. O primeiro (a) cruza Tabeaio polo oeste, preto dos límites desta parroquia con Culleredo. Este camiño ven dende as curvas do Peruchiño (Altamira-Cambre) e entra en Tabeaio mesmo por detrás do almacén do *Corte Inglés* e chegando á medoña de Arteaga (1) métese en terras de Castelo. Coñécese aquí co nome de Camiño Francés.

Como temos visto nos outros libros adicados a Carral, seguiría bordeando o Xalo, atravesando o río Brexa e chegando así a Paleo, pasa por diante da vella igrexa e chega a Quembre. Alí corre por Cabancas, Esperante, Castro da Torre e Salgueiros. En Sumio segue por diante do pazo de Vilasuso, baixa a Xocín, sube polo Rubieiro chegando á Cos-

ta da Egoa e abandona Carral polo Canedo indo en busca de Santiago. Como vimos nos outros libros, nos que quedou perfectamente delimitado, na súa traxectoria aparecen mámoas, castros, torres, pazos, igrexas, fontes máxicas, etc.

É moi probable que este antiquísimo camiño, usado nun principio polos peregrinos que de A Coruña e O Burgo ían a Santiago, fose unha vía romana. Cardeso Liñares fala dunha posible vía romana que vai por Acea da Ama, Sigrás e Anceis, chegando así a Altamira e continuando pola ruta da que estamos a falar. Alfredo Erias, director do Museu Arqueolóxico de Betanzos, tamén coincide na posible existencia dunha vía romana paralela, pola parte oeste, á actual estrada A Coruña-Santiago e que parece coincidir coa citada.

Carré Aldao, na súa *Geografía del Reino de Galicia*, refírese a un vello camiño do que di: "*pasa por Castelo un viejo camino de herradura que arranca de Altamira, caretera de Santiago, y que remonta el Xalo. Sigue por el Valle de las Encrobas y va al río Tambre por Busto, ayuntamiento de Enfesta, partido de Santiago. Debió ser en tiempos primitivos enlace de las vías romanas que venían por la costa al Norte de la provincia y de las que del Sur de la misma conducían a Farum (Coruña) y Brigantium (Betanzos)*". Observamos que a primeira parte deste camiño é o chamado Camiño Francés de Tabeaio, despois alude a outro ramal que dende a medoña de Arteaga vai por Castelo até a urbanización de O Xalo, saíndo por Encrobas. Este outro ramal, estudiado por nós no artigo da revista *Esculca* "A necrópole de medoñas de o Monte Xalo", chámase Camiño da Costa e nel atópanse varias mámoas, de aí a súa importancia e antigüidade.

Pouco a pouco deixouse de utilizar este camiño que atravesaba Carral polo oeste da actual estrada A Coruña-Santiago, xa que xurdiu unha nova vía medieval (b) que, aínda que non é tan antiga é moito máis famosa. Trátase do Camiño Inglés, que chegaba a Tabeaio polo lugar de Salgueiras. Logo, seguindo as mismas estradas que hai hoxe, chegaba ó

pazo da Lameira (14) (onde, como vimos no apartado da *Idade Moderna*, estaba seguramente a ermida de Corpo Santo e un hospital que podía ser de peregrinos). Alí colle á dereita até o cruce de Corpo Santo e, pola esquerda, cruza por Belvís até terras de Sergude. Excepto un pequeno tramo en Salgueiras este camiño, na actualidade, discorre todo por estrada asfaltada.

Pero este camiño tamén esmoreceu (aínda que hoxe cobrou de novo un forte pulo) arredor do século XVIII, cando se constrúe outro novo camiño (c) que tamén atravesa Tabeaio coincidindo aquí totalmente coa actual estrada A Coruña-Santiago. Coñecíase cos nomes de Camiño do Faro ou Camiño Francés de Poulo. Nel estaba situada a Venta de Esperón (17) onde se ofrecía comida e refuxio ó peregrino. Paraban alí os carruaxes da época, entre eles a famosa *Carrilana* que tamén tiña parada nunha casa con alprende que había ó lado do cruceiro. Esta Venta de Esperón serviu des-

Casa do Fidalgo, no lugar onde estaba a Venta de Esperón.

pois como casa de postas e nela había cabalos de retén para que os correos que chegaban dende A Coruña relevaran as súas monturas e se dirixiran a Santiago. Estes correos usaban uns uniformes característicos, cabalgaban sobre silla de madeira e usaban fusta para os cabalos. No *Itinerario Real de Casas de Postas* divídese o Camiño de Santiago en tres tramos, cada un coa súa correspondente casa de postas: de A Coruña a Carral tres legoas (a Venta de Esperón sería a súa casa de postas), de Carral a Poulo tres legoas, de Poulo a Santiago catro legoas. O Padre Sarmiento famoso botánico, etnólogo, lingüista, viaxeiro,... recorreu este camiño e cita nos seus escritos a Venta de Esperón. Hoxe queda a casa na que estaba situada, trátase dunha construcción con galería que ten unha placa na que se pode leer *"Lugar del Hidalgo"*. Disposta na marxe dereita da estrada A Coruña-Santiago, preto do cruce con Castelo e coñecida hoxe co nome de *casa do ferrador*.

Axudaron a facer este camiño traballadores das parroquias colindantes. No ano 1766 este camiño estaba construido no seu tramo de Tabeaio, incluida a ponte do río Brexa. Os peregrinos viñan dende A Coruña por este novo camiño pero, ó chegar a Ponte Lago, desviábanse por Herves de Abaixo e, a través do monte, entre os límites de Sumio e Veira, chegarían ó Canedo. Esto quere dicir que o tramo que segue a partir de Paleo foi construido máis tarde. Arredor do ano 1803.

Tabeaio é un nó de camiños. Dende a Idade Media viu pasar miles de peregrinos que dende A Coruña e O Burgo dirixíanse en busca do sepulcro do Apóstolo. Xentes do Norte e Centro de Europa viñan en barco e despois percorrían estes tres camiños. Moitos deles eran xente de a pé, pero tamén ían chegando reixes (Mariana de Neoburgo, Felipe II,...), homes poderosos (Cosme III de Médicis,...), personaxes ilustres (Frai Martín Sarmiento,...), autoridades eclesiásticas, cruzados, soldados, etc. Desto xa falamos e continuaremos a falar noutros libros da parroquia de Carral.

Bibliografia

ALVAJAR LÓPEZ, J.: 1988."Apuntes sobre la Delegación del Consejo de Galicia en Europa" en *Anuario Brigantino.* Excmo. Concello de Betanzos.

ALVAJAR LÓPEZ, J.: 1989. "Apuntes sobre la Delegación del Consejo de Galicia en Europa (II)" en *Anuario Brigantino.* Excmo. Concello de Betanzos.

ALVAJAR LÓPEZ, J.: 1990. "Apuntes sobre la Delegación del Consejo de Galicia en Europa (III)" en *Anuario Brigantino.* Excmo. Concello de Betanzos.

ALVAJAR LÓPEZ, J.: 1991. "La Coruña de mi niñez: recuerdos de los años veinte y treinta" en *Anuario Brigantino.* Excmo. Concello de Betanzos.

ALVAJAR LÓPEZ, J.: 1992. "La Coruña de mi adolescencia: Recuerdos de la Segunda República Española" en *Anuario Brigantino.* Excmo. Concello de Betanzos.

ALVAJAR LÓPEZ, J.: 1993. "La Coruña de mi juventud: Recuerdos de la Guerra Civil" en *Anuario Brigantino.* Excmo. Concello de Betanzos.

BARREIRO FERNÁNDEZ, J.R.: *El carlismo gallego.* Ed. Pico Sacro.

FARIÑA JAMARDO, X.: 1990. *Os concellos galegos.* Fundación Barrié de la Maza.

MORANDEIRA ROEL, P.: 1989. "Mapa escolar da antiga provincia de Betanzos na segunda década do s. XIX" en *Anuario Brigantino*. Excmo. Concello de Betanzos.

RÍO BARJA, F.X.: 1990. *Cartografía Xurisdiccional de Galicia no século XVIII*. Consello da Cultura Galega.

URGORRI, F. e FEMBIELLA, L.: *El antiguo camino real de La Coruña a Santiago*. Fundación Caixa Galicia.

VILAR HERMIDAS, L.: 1996. *San Estebo de Paleo*. Concellalía de Cultura do Concello de Carral.

VILAR HERMIDAS, L.: 1997. *San Pedro de Quembre*. Concellalía de Cultura do Concello de Carral.

VILAR HERMIDAS, L.: 1998. *Santiago de Sumio*. Concellalía de Cultura do Concello de Carral.

VILAR HERMIDAS, L.: 1999. *Santa Mariña de Veira*. Concellalía de Cultura do Concello de Carral.